

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 3 de outubro de 2004.-

Cantigas

A nosa literatura non puido ter un comezo máis fermoso que as cantigas de amigo, porque non botou a camiñar cun longo poema épico do estilo do *Cantar de Mio Cid* de Castela, ou a francesa *Chanson de Roland* ou o *Beowulf* da literatura inglesa, todos eles escritos para enxalzar as fazañas dun guerreiro. Non. As nosas terras, alá polos séculos do medievo, viviron o nacemento dunha das máis fermosas líricas de toda Europa, unha poesía que cos seus encantos engaiolou á sociedade toda, dende reis e raíñas ata os máis humildes plebeos, escrita por poetas das máis variadas procedencias, tanto dende o punto de vista social como xeográfico, de tal xeito que á beira de **Afonso Eanes de Cotón**, nacido en San Xoán de Negreira, atopamos a **Don Lopo Lías**, de Lugo, ou a **Joam Soarez Coelho**, portugués. E xunto a **Roi Fernandes**, de profesión crego, vemos ao vilán **Nuno Fernandes Torneol**, a **Joam Airas de Santiago**, “burgués de Compostela”, ao navegante **Pai Gomez Charinho** ou a **Don Dinís**, que, nin máis nin menos, era Rei de Portugal. ¡Que fermosa poesía capaz de arroupar co seu lírico manto tantas orixes e tantos estamentos sociais!

Estendeuse esta lírica no tempo dende os últimos anos do século XII ata o XV. Case nada. Apenas douscentos anos nos que a lingua nosa, aínda unida á que falaban no Portugal, namorou mesmo aos reis de Castela, converténdose en punto de referencia cultural para toda a Península e para outras partes de Europa.

Tense coñecemento hoxendía de arredor de mil seiscentas oitenta cantigas (incluíndo as de amigo, as de amor e as de escarnio) escritas por alomenos cento cincuenta poetas, o cal é moito se temos en conta que escribiron as súas composicións nunha sociedade na que non todos sabían ler ou escribir.

Eses poetas dividíanse en tres categorías: Os trobadores, que pertencían á nobreza, os segreis, pequenos nobres ou fidalgos, e os xograres, que na súa meirande parte simplemente interpretaban as composicións dos demais.

Nas cantigas sempre se fala dunha rapaza que celebra o seu namoramento, ou se laia do seu mal de amor, nos máis diversos escenarios: “*Sedia-m’eu na ermida de Sam Simiom*”, escoitamos nunha obra de Meendinho, “*treides comig’a lo mar de Vigo*”, nunha de Martín Códax, ou “*Serei vosqu’em Sam Mamede do Mar*”, nunha de Joam de Cangas.

¿E que fan esas doncelas neses lugares tan variados? Pois poden estar a facer de todo: “*queiman candeas por nos e por si/ e nós, meninas bailemos l*”, nun poema de Pero de Vivaes, ou “*Vaiamos, irmana, vaiamos durmir*”, nun de Fernand’Esquio, ou “*me vou banhar al mar*” nun de Estevan Coelho, aparte doutras actividades como lavar cabelos, facer oración ou, simplemente “*mirar las ondas*”.

Ás veces atopamos unha concepción do amor que pode semellar bastante atrevida por conter unha serie de alusións que nos indican unhas relacións de carácter máis ben íntimo: rapazas que quitan o manto para indicar ao amado que vaia bañar con elas no mar, outras que rachan as vestimentas

en pleno baile: “*Fostes filha, eno bailar / e rompestes i o brial*”, tal como aparece nunha cantiga de Pero Meogo.

E tamén hai nais de toda caste. Unhas son máis tolerantes: “*Bailade oje, ai filha, que prazer vejades, / ant’o voss’amigo, que vós muit’amades*”, segundo nos di Dom Dinís, e outras máis represoras, se se me permite a palabra: “*Mentís, mía filha, mentís por amigo*”, nunha composición de Pero Meogo.

As cantigas ofrecen tamén unha fermosa descrición do físico das nosas devanceiras medievais, desas rapazas que andaban polos camiños da nosa terra aló polo medievo, aludidas polos poetas dun xeito sutil, evitando as referencias sexuais directas mais cun alto grao de erotismo.

Hainas que van lavar os cabelos na fonte, unha escena que as máis das veces preludia o encontro co amigo: “*Fui eu madre, lavar meus cabelos / a la fonte*”, dinos Joam Soarez Coelho.

Ás veces a fermosura dos cabelos é tan grande que o propio Rei fica namorado deles, coma nos di Joam Zorro neste diálogo entre unha nai e a súa filla: “*Cabelos, los meus cabelos / el-rei m’enviou por elos! / Madre, que lhes farei? / -Filha, dade-os a el-rei*”

Moitas veces as doncelas adobían os seus peiteados con finas cintas de ouro: “*Des que los lavei / d’ouro los liei.*”, en Pero Meogo, outras fano con fitas de seda (sirgo): “*Pois nom vem,(meu amigo) que farei? Meus cabelos, com sirgo / Eu nom vos liare*”, dise nunha cantiga de Pero Gonçalves de Portocarreiro.

Tamén se mencionan outros adornos como toucas ou fivelas, e roupaxes coma mantos, camisas, briaís e cendais, aparte de cintas que se

poñen as rapazas a xeito de símbolos de amor: “*Madre, moiro d’amores que mi deu meu amigo / quando vejo esta cinta que por seu amor cinjo*”, di Dom Dinís

Se nos paramos a descansar sentados nunha pedra, baixo a sombra dos piñeiros, á beira do camiño, e escoitamos con atención os asubíos do vento, seguro que aínda podemos escoitar as voces dos xogares levando polas vilas e aldeas as súas cantigas, porque serán medievais, mais son literatura viva.

© Xesús Constela Doce, 2004

Nota do autor: tanto no caso das cantigas coma no dos nomes dos seus autores utilizo a ortografía de Xosé Ramón Pena no seu libro *Literatura galega medieval*, de Edicións Sotelo Branco.